

NO RONSEL DA MÚSICA

Non é unha fortuna que acontece nestas horas de agosto 2008: tarde, solporecida xa, en Feira do 12 n'Agolada. Non é un dos moitos miragres palabreiros desta Terramar, que xa os aturuxos dos milenios dicían Gallaec! na noite pecha e nas alborecidas mareantes, segundo se viñera polo mar dos Ártabros ou pala ribeira fenicia ou grega na procura de ouro e pan dos soutos e carballos, cazata en leboreiro e río en abundancias.

A flor do paraíso deitara aquí tamén, nos pentagramas. E unha frauta de herba ou cana repuntaba as notas dos xílgaros e dos merlos. Nacían así home-muller músicos. Alguén os destemía e convocaba para estaren perto da casa en aloumiño. Era unha regalía o son en competencia coas cen voces da fraga e do xardín das abellas. A Música viñera. Os Músicos xa estaban. Tal aquí arestora, no recinto que foi cerne dos convivios de feira en festa, onde medio século hai cumprido, alguén erguera un palco alto, case un zigurat para que A Banda, As Bandas Populares de Música de Galicia fosen afoutes e magníficas coas súas notas de sabias e de sabios concertistas.

O meu orgullo de hoxe cadra na memoria de Melide, Campo de San Roque, catro ou cinco anos de neno director da Banda de Visantón, acaroado á perneira do mestre músico por un tempo que dura un repenique do redoblante en pasodobre da Terra de Abeancos. “Retire el niño”-seica dixera en fala distinta o autente director daquela nosa Banda, para que o meu pai varrera o encanto primixenio. Nunca músico. As miñas limitacións eran abondosas, porén a Música éme cara e cómplice a un tempo na ledicia.

Velaí que sexan fartura de prestixio estes Concertos de verau na Terra do Medio, que son as parroquias e vilas onde cabe unha mau aberta sobre o mapa de Galicia. Salceda de Caselas, Santa Cruz de Ribadulla, Agolada: tres algarabías con paxaros de voz en terra, tres milleiros de asubíos dos merlos, xílgaros, valaugarridos, reisiñol, bubela, laberca, moucho, cuco...para que a selva humana e humanista medre en asistencias. Tres mestres-directores con memoria e tribo neste niño dos Pendellos-para quen Xoán Lois Diéguez compuxo a fermosísima muiñeira, coma un bule no sangue dos adentros. É ben sabido que A Estrada, Antas, Baíña, Bandeira, Bermés, Brántega, Lalín, Melide, Merza, Muimenta, Silleda, Ventosa, Vilar de Ferreiros, Vilatuxe...son testemuños históricos de afecto e honra á Música: está manuscrito e gravado nas nosas casas, en máis dun século. Se a lealdade persiste, en cada concello terá que falar de seu para o futuro, en espazo público axeitado, a sempre memoria: monolito, praza ou rúa “dos Músicos”. Velaí a miña ousadía en berro necesario a prol de tantas / tantos “números” (nalgures, con acerto, din mestres) que conlevan malabares nas súas vidas. Albricias e agradecementos por estardes sempre aí, na ribeira das grafías e das faíscas dun son de seu perpetuo, que eu nunca souben pronunciar.

Xosé Vázquez Pintor

